

FORMULARIO DE RECLAMACIÓN CLÁUSULA SOLO

REAL DECRETO LEI 1/2017, DO 20 DE XANEIRO, DE MEDIDAS URXENTES DE PROTECCIÓN DE CONSUMIDORES EN MATERIA DE CLÁUSULAS SOLO (BOE DO 21 DE XANEIRO DE 2017)

Datos do reclamante / Titular do préstamo/crédito:

Nome	
Apelidos	
NIF	
Domicilio	
Teléfono fixo	
Teléfono móbil	
Correo electrónico	
Estado civil **	

**Indicarase soamente en caso de que se producise algún cambio na situación civil (separación, divorcio, falecemento, incapacidade...)

Datos do préstamo (número):	
-----------------------------	--

Indicarase se se interpuxo algún procedemento administrativo, arbitral ou xudicial contra a entidade sobre o mesmo asunto:

- ☐ SI
☐ NON

Se está representado, indicaranse a continuación os datos do representante. Neste caso, hai que acreditar documentalmente a súa representación.

Nome	
Apelidos	
NIF	

De igual modo, autorizo a entidade para que, desde a data deste escrito, as sucesivas comunicacións sexan realizadas mediante correo electrónico ou mensaxe de texto ao enderezo de correo electrónico ou ao teléfono móbil indicados no apartado de datos do reclamante.

Advertencias

No caso de que a análise realizada por Caixa Rural Galega conducise a recoñecerlle o dereito a percibir determinadas cantidades pola eliminación da cláusula solo do seu préstamo hipotecario, teña en conta que esta devolución pode xerar obrigacións tributarias.

Mentres non remate o procedemento de análise ao que dá inicio esta solicitude, vostede non poderá exercer ningunha acción xudicial nin extraxudicial, incluídas as reclamacións ante o Servizo de Atención ao Cliente ou o Defensor do Cliente ou ante o Servizo de Reclamacións do Banco de España, cuxo obxecto sexa total ou parcialmente coincidente coa cuestión sometida a análise. Esta restrición quedará sen efecto desde o momento en que a súa petición sexa desestimada ou unha vez que transcorran tres meses sen que reciba contestación.

Coa formalización desta reclamación, vostede autoriza a Caixa Rural Galega a que solicite a suspensión de calquera procedemento xudicial que puidese atoparse en trámite nese momento e cuxo obxecto sexa total ou parcialmente coincidente coa cuestión sometida a análise ata a resolución da súa solicitude.

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, informámolo/a de que os seus datos persoais son incorporados a un ficheiro titularidade de Caixa Rural Galega, coa finalidade de xestionar as reclamacións presentadas ante o servizo especializado implantado dentro do Servizo de Atención ao Cliente para as reclamacións de cláusulas solo. En todo momento poderá exercer os dereitos de acceso, oposición, cancelación e rectificación dos seus datos, e pode revogar en calquera momento a autorización que concedese para o uso ou a cesión destes, para o que ha de dirixir unha comunicación a Caixa Rural Galega, SCCLG, rúa Montero Ríos, 24-26, 27002 Lugo, coa referencia "Protección de datos", e achegar una copia do seu documento nacional de identidade, para os efectos dunha correcta identificación e para protexer adecuadamente os seus datos persoais.

Caixa Rural Galega acusa o recibo deste escrito.

Lugo, de de 20

(Asinado)